

*Informe de
posicionamento
da Universidade
de Vigo no
“Ranking
GreenMetric 2025”*





1 FIN DA POBREZA 	2 FAME CERO 	3 SAÚDE E BENESTAR 	4 EDUCACIÓN DE CALIDADE 	5 IGUALDADE DE XÉNERO
6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO 	7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE 	8 TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO 	9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA 	10 REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES
11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES 	12 PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES 	13 ACCIÓN POLO CLIMA 	14 VIDA SUBMARINA 	15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS 	17 ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS 	OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE 		

Índice

Introdución.....	2
Posición global.....	4
Entorno e infraestrutura.....	5
Enerxía e cambio climático.....	8
Residuos.....	11
Auga.....	13
Transporte.....	15
Educación e investigación.....	17
Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.....	20
Anexo I. Evolución UVigo no ranking Green Metric 2020-2025.....	22
Anexo II. Certificación GreenMetric 2025.....	24
Información de contacto.....	25

Introdución.

O presente informe ten como obxectivo reflectir a posición da Universidade de Vigo no Ranking GreenMetric, que ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coas sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos o transporte ecolóxico.

Este ranking é unha iniciativa da Universidade de Indonesia, que se iniciou no 2010, nun intento que as universidades que lideran o camiño nos campos anteriores sexan identificadas a través da puntuación deste ranking, sendo isto útil para as persoas líderes nas universidades poidan tomar decisións e facer esforzos para implementar políticas ecolóxicas e xestionar un cambio de comportamento.

Para realizar a clasificación utilízanse un total de **6 categorías** coas seguintes ponderacións actualizadas para 2025: Entorno e Infraestruturas (**15%**), Enerxía e Cambio Climático (**21%**), Residuos (**18%**), Auga (**10%**), Transporte (**18%**) e Educación e Investigación (**18%**). A avaliación realízase a través de **58 indicadores** específicos, coa aportación de **83 evidencias** e **111 ítems** de datos.

Categoría	Items/Datos	Indicadores	Evidencias
<i>Setting and Infrastructure (SI)</i>	24	11	15
<i>Energy and Climate Change (EC)</i>	16	11	12
<i>Waste (WS)</i>	19	7	19
<i>Water (WR)</i>	7	6	7
<i>Transportation (TR)</i>	19	9	9
<i>Education and Research (ED)</i>	26	14	21
Totais	111	58	83

A participación das universidades no ranking realízase co envío de datos a través dunha enquisa en liña. Entre os meses de maio a outubro recompílase a información e o resultado final soe anunciarse no mes de decembro. A Universidade de Vigo leva participando no mesmo dende o ano 2016. Nos anexos deste informe pode verse a evolución da súa puntuación. Para a súa participación nesta edición a Unidade de Análisis e Programas realizou a recompilación de datos con datos propios e os aportados pola Oficina de Medio Ambiente e a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, e outros que estaban baixo a súa responsabilidade.

Posición global.

A posición da Universidade de Vigo no Ranking do 2025, que recolle datos do ano 2024 e do curso académico 2024/2025, é a 262, cunha puntuación total de **7.875** puntos coa seguinte distribución segundo os apartados: entorno e infraestruturas 1.075, enerxía e cambio climático 1.525, residuos 1.800, auga 913, transporte 1.350 e educación e investigación 1.213.

Clasificación mundial ↑	Universidade	Puntuación total	Puntuación SI ②	Puntuación EC ②	Puntuación WS ②	Puntuación WR ②	Puntuación TR ②	Puntuación ED ②
262	Universidade de Vigo 📍España, Europa	7875	1075	1525	1800	912.5	1350	1212.5

Estes datos implican que a UVigo obteña na clasificación da rexión de Europa o posto 69, e na clasificación dentro de España o posto 6.

69	Universidade de Vigo 📍España, Europa	7875	1075	1525	1800	912.5	1350	1212.5
----	---	------	------	------	------	-------	------	--------

6	Universidade de Vigo 📍España, Europa	7875	1075	1525	1800	912.5	1350	1212.5
---	---	------	------	------	------	-------	------	--------

No seguinte cadro pode verse a puntuación global, posición global e número de universidades participantes nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación total	5925	6475	6975	7525	7750	7875
Posición global	342	331	300	252	262	262
Nº de universidades participantes	895	957	1050	1183	1477	1745

Entorno e infraestrutura.

Neste apartado reportase información sobre a configuración do campus e a información de infraestrutura, o que da información básica sobre a consideración da universidade cara o medio ambiente. Este apartado mostra tamén se o campus pode ser chamado “campus verde” e ten como obxectivo impulsar ás universidades participantes a proporcionar máis espazo para a vexetación e a protección do medio ambiente, así como ao desenvolvemento da enerxía sostible.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Relación entre a área de espazo aberto e a área total.*
- *Superficie total do campus cuberta de vexetación forestal.*
- *Superficie total do campus cuberta con vexetación plantada.*
- *Área total no campus para a absorción de auga ademais de bosque e vexetación plantada.*
- *Área total de espazo aberto dividida pola poboación total do campus.*
- *Porcentaxe do presuposto universitario para esforzos de sostibilidade.*
- *Porcentaxe de actividades de operación e mantemento de edificios durante o período dun ano.*
- *Instalacións do campus para discapacitados, necesidades espaciais ou atención de maternidade.*
- *Instalacións de seguridade e protección*
- *Facilidades de infraestrutura de saúde para o benestar do alumnado, académicos/as e administrativos/as.*
- *Conservación: plantas, animais e vida silvestre, recursos xenéticos para a alimentación e agricultura , asegurados en instalacións de conservación a medio ou longo prazo.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados co entorno e as infraestruturas mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

As principais novidades para 2025 no apartado de **Entorno e Infraestrutura** céntranse na dixitalización e no impacto global: incorporouse o novo indicador **SI.11** (100 puntos), que esixe demostrar o uso de **TICs** para a xestión e monitorización do campus, e engadiuse unha pregunta cualitativa obrigatoria para avaliar o nivel de **impacto directo dos programas nos ODS** (do 1 ao 17).

Métricas que precisan mellorarse

Aínda que a universidade ten un bo desempeño en espazos abertos, hai marxe de mellora significativa en vexetación plantada e servizos de saúde.

- **SI.1 (Ratio espazo aberto):** 150/200. Pódese mellorar lixeiramente.
- **SI.3 (Vexetación plantada):** 50/200. Punto crítico. A superficie de xardíns ou vexetación plantada (non bosque) é baixa.
- **SI.6 (Orzamento sostibilidade):** 100/200. Só se destina unha porcentaxe moderada do orzamento a esforzos de sostibilidade.
- **SI.8 (Seguridade):** 75/100. Faltan elementos para acadar a máxima puntuación (tempos de resposta ou integración de sistemas).
- **SI.9 (Infraestrutura de saúde):** 50/100. Punto crítico. A dispoñibilidade ou accesibilidade de servizos médicos para a comunidade universitaria é limitada segundo o baremo.
- **SI.11 (TIC en infraestrutura):** 50/100. O uso de sistemas intelixentes/TIC para xestionar e monitorizar a infraestrutura pódese ampliar.

A posición da UVigo neste apartado foi 403 a nivel mundial cunha puntuación de 1.075 dos 1.500 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 71,67 %. A posición en España foi a segunda.

Clasificación ↑↓	Universidad	País	Puntuación total	Entorno e infraestructura	Energía y cambio climático	Residuos	Agua	Transporte	Educación
403	Universidad de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en Entorno e infraestructura	850	1025	1075	1125	1175	1075
Posición en Entorno e infraestructura	347	266	271	248	228	403

Energía e cambio climático.

Neste apartado o ranking céntrase na atención da universidade aos temas relacionados co uso da enerxía e cambio climático, sendo o apartado cunha ponderación maior, un 20 %. No cuestionario defínense varios indicadores para esta área en particular: uso de electrodomésticos eficientes, política de uso de enerxía renovable, uso total de electricidade, programas de conservación de enerxía, construción ecolóxica, programas de adaptación e mitigación do cambio climático, política de redución de emisións de gases efecto invernadoiro. Con este indicador espérase que as universidades aumenten o seu esforzo en eficiencia enerxética nos seus edificios e tomas máis en conta a natureza e os recursos enerxéticos.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Uso de electrodomésticos de baixo consumo.*
- *Implementación de edificios intelixentes.*
- *Número de fontes de enerxía renovable no campus.*
- *Consumo total de electricidade dividido pola poboación do campus (kwh/persoa).*
- *A proporción de produción de enerxía renovable dividida polo uso total de enerxía por un ano.*
- *Elementos para a implementación de edificios verdes tal e como se reflicte nas políticas de construción e renovación.*
- *Programa de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.*
- *Pegada de carbono total dividida pola poboación total do campus (toneladas métricas por persoa).*
- *Número de programas innovadores en enerxía e cambio climático.*
- *Número de programas universitarios de impacto sobre el cambio climático.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa enerxía e o cambio climático mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

En 2025 engadíronse novos apartados que se deben ter en conta para a puntuación total:

1. **Novo Indicador EC11 (TICs):** Engadiuse un indicador sobre Planificación, implementación, monitorización e/ou avaliación de programas de enerxía mediante Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC). 100 puntos posibles.
2. **Pregunta de Impacto** (sen puntuación numérica directa na táboa principal, pero obrigatoria): Engadiuse unha pregunta cualitativa sobre o Impacto dos programas de Enerxía e Cambio Climático no apoio aos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible).

Métricas que precisan mellorarse

Este é o apartado con maior peso e hai varios indicadores clave ao 50% ou menos.

- **EC.1 (Aparellos eficientes):** 100/200. A substitución de equipos por outros de baixo consumo está á metade do obxectivo máximo.
- **EC.3 (Enerxías renovables):** 225/300. Bo nivel, pero aínda non acadada o máximo de fontes posibles.
- **EC.4 (Consumo electricidade por persoa):** 100/200. O consumo eléctrico per cápita é aínda alto segundo os estándares do ranking.
- **EC.5 (Producción renovable):** 150/200. A ratio de enerxía producida no campus respecto á consumida ten marxe de crecemento.
- **EC.6 (Elementos 'Green Building'):** 100/200. Faltan elementos construtivos sostibles (luz natural, ventilación, xestión enerxética) nos edificios.
- **EC.8 (Pegada de carbono):** 100/200. A pegada de carbono por persoa é mellorable.
- **EC.11 (TIC en Enerxía):** 50/100. A monitorización intelixente da enerxía é incipiente.

A posición da UVigo neste apartado foi a 383 a nivel mundial cunha puntuación de 1525 dos 2.100 posibles, sendo a taxa de cobertura neste indicador do 73,81 %. A posición en España foi a 16.

Clasificación ↑↓	Universidad	País	Puntuación total	Entorno e infraestructura	Energía y cambio climático	Residuos	Agua	Transporte	Educación
383	Universidad de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en enerxía e cambio climático	1175	1250	1290	1475	1550	1525
Posición en enerxía e cambio climático	325	267	358	277	282	383

Residuos.

Neste apartado téñense en conta as actividades de tratamento y reciclaxe de residuos, importantes para a creación dun entorno sostible. As actividades do persoal universitario e do alumnado no campus produciran unha gran cantidade de residuos, polo tanto, os programas e tratamentos de refugallo deben estar entre as preocupacións da universidade, por exemplo, programas de reciclaxe, tratamento de tóxicos, tratamento de residuos orgánicos e inorgánicos, disposición de sumidoiros, política para reducir o uso do papel e o plástico no campus.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Programa 3R (Reducir, Reutilizar, Reciclar) de residuos universitarios.*
- *Programa para reducir o uso do papel e o plástico no campus.*
- *Tratamento de residuos orgánicos.*
- *Tratamento de residuos inorgánicos.*
- *Residuos tóxicos manexados.*
- *Eliminación de augas residuais.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa xestión dos residuos mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

A maior diferenza respecto ao 2024 é a necesidade de demostrar non só que se ten un programa, senón cal é o seu impacto real na sociedade e nos ODS, ademais de demostrar a xestión destes datos mediante ferramentas dixitais.

Métricas que precisan mellorarse

Todas as métricas deste apartado obtiveron a máxima puntuación.

A posición da UVigo neste apartado foi a 29 a nivel mundial cunha puntuación de 1.800 dos 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura neste indicador do 100 %. A posición en España foi a primeira.

Categoría	Universidad	País	Puntuación total	Entorno e infraestructura	Energía y cambio climático	Desperdiciar	Agua	Transporte	Educación
29	Universidad de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en residuos	1275	1275	1425	1725	1800	1800
Posición en residuos	250	286	222	69	36	29

Auga.

O uso da auga no campus é outro indicador importante para este ranking. O obxectivo é que as universidades poidan diminuír o uso da auga e aumentar os programas de conservación e protexer o hábitat. Ter programas de conservación da auga e de uso da auga canalizada son algúns dos seus criterios.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Implementación de programas de conservación da auga.*
- *Implementación de programas sobre a reciclaxe da auga.*
- *Uso de electrodomésticos que aforran auga.*
- *Consumo de auga tratada*
- *Control da contaminación da auga no campus.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados coa xestión da auga mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

A principal novidade con respecto a 2024 é a inclusión dunha **nova pregunta sobre o impacto nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, seguindo a liña temática deste ano:

- **Pregunta de Impacto (4.7):** Engadíuse a pregunta *"Impact of Water Management programs in supporting the Sustainable Development Goals (SDGs)"*.
 - As universidades deben indicar en que medida os seus programas de xestión da auga contribúen ao logro dos ODS, seleccionando unha opción baseada no número de ODS apoiados (desde "Baixo impacto" con 1-2 ODS, ata "Moi alto impacto" con 14-17 ODS).

Métricas que precisan mellorarse

Moi bo desempeño, rozando a excelencia. Só dous puntos a revisar:

- **WR.1 (Programa conservación auga):** 113/150. Pódese intensificar o programa de conservación.
- **WR.2 (Reciclaxe de auga):** 150/200. A implementación de sistemas de reciclaxe de auga non é total.

A posición da UVigo neste apartado foi 150 a nivel mundial cunha puntuación de 913 sobre os 1.000 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 91,3%. A posición en España foi a cuarta.

Categoría ↑↓	Universidade ↑↓	País ↑↓	Puntuación total ↑↓	Entorno e infraestrutura ↑↓	Energía y cambio climático ↑↓	Desperdiciar ↑↓	Agua ↑↓	Transporte ↑↓	Educación ↑↓
150	Universidade de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en auga	550	700	800	700	750	913
Posición en auga	380	314	210	379	348	150

Transporte.

O sistema de transporte xoga un papel importante nas emisións de carbono e no nivel de contaminantes da universidade. Ter unha política de transporte para limitar o número de vehículos motorizados no campus, o uso de autobuses e bicicletas fomenta un entorno máis saudable.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Número total de vehículos (automóviles ou motocicletas) dividido pola poboación total do campus.*
- *Servizo de transporte.*
- *Política de vehículos de cero emisións (ZEV) no campus.*
- *Número total de vehículos cero emisións (ZEV) dividido pola poboación total do campus.*
- *Relación entre a área de estacionamento en terra e a área total do campus.*
- *Programa para limitar ou diminuír a área de estacionamento no campus durante os últimos 3 anos .*
- *Número de iniciativas para diminuír o número de vehículos privados no campus.*
- *Camiño peonil no campus.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación de todos os programas relacionados co transporte mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

A principal novidade para 2025 é a incorporación da **avaliación do impacto nos ODS**:

- **Pregunta de Impacto (5.19):** Inclúese unha nova pregunta titulada *"Impact of Transportation programs in supporting the Sustainable Development Goals (SDGs)"* (Impacto dos programas de Transporte no apoio aos ODS).

Métricas que precisan mellorarse

Destaca a baixa puntuación no uso de TIC para o transporte e a xestión do aparcadoiro.

- **TR.1 (Ratio vehículos/poboación):** 150/200. Aínda hai un número considerable de vehículos privados.
- **TR.2 (Servizo de lanzadeira):** 125/250. O servizo de autobuses/lanzadeiras ten moita marxe de mellora (frecuencia, cobertura ou gratuidade).
- **TR.3 (Vehículos Cero Emisións):** 150/200.
- **TR.4 (Ratio Cero Emisións):** 150/200.
- **TR.5 (Ratio aparcadoiro):** 100/200. A superficie dedicada a aparcadoiro é alta en relación ao campus.
- **TR.9 (TIC en Transporte):** 25/100. Punto moi crítico. É o indicador máis baixo da categoría. A xestión ou monitorización do transporte mediante apps ou sistemas intelixentes é case inexistente.

A posición da UVigo neste apartado foi a 452 a nivel mundial cunha puntuación de 1.350 sobre os 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 75%. A posición en España foi a oitava.

Categoría	Universidade	País	Puntuación total	Entorno e infraestrutura	Energía y cambio climático	Desperdiciar	Agua	Transporte	Educación
452	Universidade de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en transportes	1100	1000	1060	1100	1150	1350
Posición en transportes	379	561	591	612	684	452

Educación e investigación.

Este criterio baséase na idea de que a universidade ten un papel importante na creación da preocupación das novas xeración polos temas de sostibilidade.

Neste apartado os indicadores que se utilizan son:

- *Relación dos cursos de sostibilidade con respecto ao total de cursos/materias.*
- *Relación entre a financiación da investigación sobre a sostibilidade e a financiación total da investigación.*
- *Número de publicacións académicas sobre sostibilidade.*
- *Número de eventos relacionados coa sostibilidade.*
- *Número de organizacións estudiantís relacionadas coa sostibilidade.*
- *Sitio web de sostibilidade administrado pola universidade.*
- *Informe de sostibilidade.*
- *Número de actividades culturais do campus.*
- *Número de programas universitarios de sostibilidade con colaboracións internacionais.*
- *Número de proxectos de servizos comunitarios de sostibilidade organizados e/ou nos que participan o alumando.*
- *Número de stat-up relacionadas coa sostibilidade.*
- *Porcentaxe do número de graduados en empregos verdes.*
- *Existencia dunha unidade ou oficina que coordine a sostibilidade no campus.*
- *Planificación, execución, seguimento e/ou avaliación da gobernanza da universidade mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).*

As novidades máis destacadas céntranse na empregabilidade, a gobernanza e o impacto social:

- **Novos Indicadores de Avaliación:** Incorporáronse indicadores específicos ao final da categoría para medir aspectos máis tanxibles do éxito universitario:
 - **ED12 (Empregos Verdes):** Mídese a porcentaxe de graduados dos últimos 3 anos que traballan en sectores sostibles ou "green jobs".
 - **ED13 (Oficina de Sostibilidade):** Avaliase se existe unha unidade formal, con decreto de creación e estrutura definida, encargada de coordinar a sostibilidade no campus.

Métricas que precisan mellorarse

É a categoría coa porcentaxe de cumprimento máis baixa. Hai moitos indicadores clave que precisan atención.

- **ED.1 (Cursos sostibilidade):** 100/200. A oferta académica relacionada coa sostibilidade é limitada.
- **ED.2 (Fondos investigación):** 100/200. A porcentaxe de fondos dedicados a investigar sostibilidade é mellorable.
- **ED.3 (Publicacións):** 50/200. Punto crítico. A ratio de publicacións sobre sostibilidade por profesor é baixa.
- **ED.4 (Eventos académicos):** 113/150.
- **ED.5 (Actividades estudiantís):** 75/150. As organizacións estudiantís poderían estar máis activas en temas sostibles.
- **ED.10 (Servizo comunitario):** 50/100. Faltan proxectos de voluntariado ou servizo relacionados coa sostibilidade.
- **ED.11 (Startups sostibles):** 50/100. O fomento de empresas derivadas (*spin-offs*) centradas en sostibilidade é baixo.

- **ED.12 (Empregos verdes): 25/50.** A porcentaxe de graduados que acceden a "empregos verdes" é baixa.

A posición da UVigo neste apartado é 702 cunha puntuación de 1213 sobre os 1.800 posibles, sendo a taxa de cobertura dun 67,39%. A ponderación deste apartado é de 18%.

Categoría	Universidade	País	Puntuación total	Entorno e infraestrutura	Energía y cambio climático	Desperdiciar	Agua	Transporte	Educación
702	Universidade de Vigo	España	7875	1075	1525	1800	913	1350	1213

No seguinte cadro pode verse a puntuación e posición neste criterio nos últimos anos.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación en educación e investigación	975	1225	1325	1400	1325	1213
Posición en educación e investigación	518	417	419	425	578	702

Plan de financiamento das universidades de Galicia 2022-2026.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 16 de decembro de 2021 adoptou o acordo polo que aprobou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, e contemplou nos cinco anos de vixencia os seguintes obxectivos:

Establecemento dun horizonte amplo de suficiencia e estabilidade financeira que permita á Xunta de Galicia e ás institucións públicas de ensino universitario na comunidade autónoma o desenvolvemento ordenado das súas políticas no período 2022-2026.

Definición de criterios de asignación de recursos explícitos, baseados no custo estándar da docencia e na obtención de resultados nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria: docencia, investigación e transferencia.

Estimulación da adecuación da oferta ás demandas sociais, reorientando a oferta docente, potenciando a formación continua e a transferencia tecnolóxica e promovendo a mellora da calidade.

O Plan estrutúrase en dous grandes fondos, e dentro do fondo de financiamento non condicionado inclúe o subfondo denominado “panel de indicadores”, o cal inclúe unha serie de indicadores sobre responsabilidade social e medio-ambiente. Así, un dos indicadores do módulo 6 de responsabilidade social é o indicador de Ránking UI GreenMetric cunha ponderación do 0,5% sobre o total panel de indicadores por resultados e estableceuse o seguinte criterio de medición:

PAIRS1-Ránking UI GreenMetric

Definición: O ranking mundial de Universidades UI GreenMetric é unha iniciativa de Universitas Indonesia que iniciouse en 2010. O seu obxectivo é avaliar a situación actual e as políticas relacionadas co Campus Verde e a sustentabilidade nas universidades de todo o mundo, coa finalidade de que se preste máis atención á loita contra o cambio climático mundial, a conservación da enerxía e a auga, o reciclaxe de refugallo e o transporte ecolóxico. Os seus indicadores agrúpanse en 6 categorías con diferente ponderación: Entorno e infraestrutura; enerxía e cambio climático; residuos; auga; transporte; e educación e investigación.

Formulación: Posición ocupada a nivel mundial por cada universidade galega.

Reparto: Directamente proporcional ao posto obtido na clasificación por cada una das universidades.

Fonte: UI GreenMetric. (<https://greenmetric.ui.ac.id>)

Queda deste xeito vencellado o desempeño na sostibilidade coa obtención de recursos financeiros por parte das universidades galegas.

A media de reparto dese subfondo nos orzamentos da Xunta de Galicia foi duns 60.000.000 € por ano, polo que correspondente aproximadamente uns 300.000 € anuais a repartir entre as tres universidades galegas en función do posicionamento que cadansúa delas teña nos citados rankings.


O seguinte cadro amosa un cálculo estimado do reparto que lle correspondería a Universidade de Vigo en función do seu posicionamento en cada ano no ranking IU GreenMetric.




Ano	Posición Uvigo	Puntos totais SUG	Ponderación Uvigo	Orzamento	UVigo reparto	%
2021	331	736	222	300.000 €	34.543 €	12%
2022	300	765	245	300.000 €	58.442 €	19%
2023	252	631	292	300.000 €	70.960 €	24%
2024	262	706	281	300.000 €	87.614 €	29%
2025	262	917	281	300.000 €	114.986 €	38%

A mellora no posicionamento relativo da UVigo nos últimos anos respecto das outras universidades do SUG permitiu a mellora na captación de fondos do indicador PAIRS 1.

Anexo I. Evolución UVigo no ranking Green Metric 2020-2025.

Criterio	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Puntuación total	5925	6475	6975	7525	7750	7875
Posición global	342	331	300	252	262	262
Posición en Europa	112	103	94	74	78	69
Posición en España	21	17	17	12	11	6
Posición por entorno campus rural	28	24	22	22	20	N/D
Puntuación en Entorno e infraestructura	850	1025	1075	1125	1175	1075
Posición en Entorno e infraestructura	347	266	271	248	228	403
Puntuación en enerxía e cambio climático	1175	1250	1290	1475	1550	1525
Posición en enerxía e cambio climático	325	267	358	277	282	383
Puntuación en residuos	1275	1275	1425	1725	1800	1800
Posición en residuos	250	286	222	69	36	29
Puntuación en auga	550	700	800	700	750	913
Posición en auga	380	314	210	379	348	150
Puntuación en transportes	1100	1000	1060	1100	1150	1350
Posición en transportes	379	561	591	612	684	452
Puntuación en educación e investigación	975	1225	1325	1400	1325	1213
Posición en educación e investigación	518	417	419	425	578	702
Número de universidades participantes	895	957	1050	1183	1477	1745





Anexo II. Certificación GreenMetric 2025.



Información de contacto

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato. Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640



